

Resolución do 14 de decembro do 2022 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros que participarán no Programa Actúa durante o curso 2022/2023.

A cultura emprendedora pódese entender nun sentido amplo como unha actitude xeral que resulta útil tanto na vida cotiá como nas actividades profesionais de calquera persoa, pero tamén a través dunha visión máis específica, dirixida cara a creación de empresas. O emprendemento é a capacidade de actuar sobre unha idea ou oportunidade coa finalidade de crear valor para a sociedade.

Para promover unha actitude emprendedora entre o alumnado é importante potenciar a súa propia creatividade, talento e iniciativa, facéndoos conscientes de que son responsables do seu propio destino, así como das grandes posibilidades que ofrece o mundo actual. Negocios, demandas, servizos e liñas de traballo que, en moitos casos, aínda están por crear e que serán unha opción para o alumnado de cara ó seu futuro profesional.

Polo tanto, traballar e potenciar as habilidades emprendedoras do alumnado repercute positivamente no mesmo, tendo unha importancia fundamental no seu desenvolvemento persoal e profesional, así como na sociedade, mellorando a súa competitividade e xerando riqueza.

A Estratexia da Formación Profesional de Galicia 2030 inclúe o emprendemento como un eixo estratéxico, establecendo a necesidade de impulsar e acompañar procesos de emprendemento por parte do alumnado de formación profesional.

O Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia, *eduemprende*, posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pretende sensibilizar a toda a comunidade educativa e favorecer a introdución do espírito emprendedor no alumnado, proporcionando os medios e instrumentos necesarios para conseguilo.

Entre as accións desenvolvidas dentro de *eduemprende* atópase o Programa Actúa que busca achegar a cultura emprendedora aos centros educativos a través dunha serie de actividades dirixidas ao alumnado.

Por todo o exposto anteriormente e coa finalidade de seguir avanzando na promoción da cultura emprendedora, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto

Convocar o procedemento de selección de centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a súa participación no Programa Actúa durante o curso 2022/2023.

Segundo. Actividades do programa

As actividades contempladas neste programa distribuiranse en dúas xornadas segundo se indica a continuación:

- **1ª xornada:** na que profesorado do propio centro educativo realizará unha sesión na aula co alumnado, co obxectivo de facelo reflexionar sobre as posibilidades do autoemprego como saída profesional.



- **2ª xornada:** na que persoal especializado en emprendemento desprazarase ao centro educativo para desenvolver unha das seguintes actividades, cunha duración aproximada de 90 minutos:
 1. **Creatividade para a innovación** (Destinatarios: Alumnado de Bacharelato, Ciclos de Grao Medio e Grao Superior. Grupo máximo de 50 alumnos)

Obradoiro destinado a coñecer técnicas e exemplos innovadores para identificar oportunidades de negocio ou solucións creativas para a mellora empresarial.
 2. **Análise das capacidades** (Destinatarios: Alumnado de Ciclos de Grao Medio e Grao Superior. Grupo máximo de 30 alumnos)

Obradoiro que ten por obxectivo que o alumnado adquira, poida poñer en práctica e tome conciencia da importancia das habilidades sociais como ferramenta para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
 3. **Da idea á idea de negocio** (Destinatarios: Alumnado Ciclos de Grao Medio e Grao Superior. Grupo máximo de 50 alumnos)

Dinámica para a posta en práctica da análise dunha idea de negocio a través do LEAN CANVAS, empregando unha metodoloxía grupal e participativa mediante unha tormenta de ideas de negocio.
 4. **Procura de traballo** (Destinatarios: Alumnado de Ciclos de Grao Medio e Grao Superior. Grupo máximo de 30 alumnos)

Análise de diferentes técnicas e ferramentas para a procura do emprego, dando a coñecer os aspectos clave na mesma para que o alumnado poida mellorar as súas competencias profesionais e a súa empregabilidade.
 5. **A Comunicación** (Destinatarios: Alumnado de Bacharelato, Ciclos de Grao Medio e Grao Superior. Grupo máximo de 20 alumnos).

Charla dinámica e participativa para mellorar a comunicación persoal, coñecendo as claves para falar en público, tanto cunha comunicación efectiva como para a presentación dun proxecto empresarial.

En calquera destas actividades empregaranse dinámicas que favorezan a participación activa do alumnado. Durante o desenvolvemento do programa realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a súa posterior difusión.

Terceiro. Temporalización do Programa Actúa

A 2ª xornada das actividades propostas poderá realizarse todos os martes, mércores e xoves ata o 16 de maio de 2023, nunha das seguintes quendas:

- De 9:00 a 11:00 horas
- De 12:00 a 14:00 horas

As datas e as quendas concretas para cada centro serán comunicadas con posterioridade á selección dos centros participantes no programa.

Cuarto. Destinatarios

Alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos de Galicia, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que se atope cursando:



- Ciclos formativos de Grao Medio ou Grao Superior das ensinanzas de formación profesional, ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.
- Bacharelato coa materia de Economía.

Quinto. Proceso de solicitude e prazo de presentación

Para participar neste programa o centro educativo deberá cubrir e presentar a instancia de solicitude (Anexo I), xunto coa información relativa á actividade a desenvolver polo profesorado participante durante a 1ª xornada (Anexo II).

As solicitudes envaranse desde a conta de correo electrónico do centro educativo a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal co asunto "*Solicitude programa-Actúa 2022-2023*".

Poderase presentar unha única solicitude por centro, na que se indicarán as diferentes opcións seleccionadas para un ou para varios grupos de alumnado beneficiario do programa.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Sexto. Selección dos centros

O número máximo de actividades da 2ª xornada a desenvolver nos centros participantes por parte de persoal especializado será de 45.

Cada centro poderá solicitar, por orde de preferencia, ata un máximo de tres actividades para a 2ª xornada. No caso de existir menos de 45 centros solicitantes, poderase asignar máis dunha actividade por centro educativo. En caso contrario farase unha selección na que se valorará a creatividade e a orixinalidade da actividade proposta para a 1ª xornada do programa descrita no Anexo II da solicitude.

A comisión de selección estará composta por tres persoas da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou asesor/a técnico/a docente. Unha delas actuará como presidente/a da comisión e outra como secretario/a.

A comisión de selección poderá realizar unha proposta de centros seleccionados superior ao límite establecido anteriormente previa xustificación da necesidade e viabilidade de dita ampliación.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

Mª Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional

